

ANEXO III

INFORME DE SAÚDE

IMPORTANTE: será necesario achegar un informe de cada persoa que solicite o ingreso nun centro da Rede galega de acollemento.

No caso de MENORES, deberase indicar, ademais, se o calendario de vacinas está ao día e, de non ser o caso, cal faltaría. No caso de descoñecelo, deberase deixar constancia deste feito.

DATOS DA/O PROFESIONAL

NOME E APELIDOS:

CÓDIGO NUMÉRICO
PERSOAL (CNP N°):

NOME DO CENTRO:

DATOS DO/DA PACIENTE SOLICITANTE

NOME E APELIDOS:

IDADE:

N° SEGURIDADE SOCIAL:

C.I.P.

CONDICIONANTES E PROBLEMAS DE SAÚDE ACTUAIS (os que a persoa facultativa considere relevantes para o obxecto do informe, entre outros: discapacidade, enfermidades infecciosas, trastornos psicopatolóxicos, deterioración cognitiva, patoloxías traumáticas, limitacións sensoriais, condutas aditivas (drogas, alcol, xogo, etc.) ou calquera outro trastorno ou patoloxía que a/o profesional médico considere que afecte a unha vida autónoma):

TRATAMENTOS. Prescricións activas:

OBSERVACIÓNS (Fágase constar a situación clínica actual e as necesidades de cuidados e seguimento se se require)

Sinatura da/do profesional:

CÓDIGO NUMÉRICO PERSOAL (CNP):

Lugar

Data:

/

/

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais facilitados por vostede serán tratados, na súa condición de responsable, pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade-, coa finalidade de tramitar a solicitude de acceso aos centros da Rede galega de acollemento e xestionar os informes e resolucións necesarios, con base no cumprimento dunha obriga legal segundo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Os datos de categorías especiais serán tratados por ser necesario por razóns dun interese público esencial, sobre a base do Dereito da Unión ou dos Estados membros, que debe ser proporcional ao obxectivo perseguido, respectar no esencial o dereito á protección de datos e establecer medidas adecuadas e específicas para protexer os intereses e dereitos fundamentais do interesado.

Os datos persoais poden ser cedidos a outras Administracións públicas no exercicio das súas competencias cando sexa estritamente necesario e previsto na lexislación vixente.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos ou, de ser o caso, a retirada do consentimento segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. As persoas interesadas poden presentar unha reclamación ante a autoridade de control.

Contacto co delegado de protección de datos: <https://www.xunta.gal/protección-datos-persoais>

Así mesmo, e segundo o disposto na Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais, no seu artigo 5, todas as persoas que interveñan en calquera fase do tratamento dos datos persoais respectarán o deber de confidencialidade ao que se refire o artigo 5.1 f) do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPd) e o artigo 56 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Esta obriga será complementaria dos deberes de segredo profesional de conformidade coa súa normativa aplicable, e manterase aínda cando finalizase a relación co responsable do tratamento.